



DATOS IDENTIFICATIVOS

Proxectos De Deseño

Materia	Proxectos De Deseño			
Código	P01G010V01905			
Titulación	Grao en Belas Artes			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4º	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Debuxo			
Coordinador/a	Dopico Castro, Marcos			
Profesorado	Dopico Castro, Marcos			
Correo-e	mdopico@uvigo.es			
Web	http://www.belasartes.uvigo.es/proxectosdedeseño			
Descrición xeral	A materia "Proxectos de Deseño" basearase no desenvolvemento da capacidade creadora do alumno a través da realización de proxectos prácticos dentro da disciplina do deseño gráfico.			
	De forma paralela ao descubrimento, coñecemento e experimentación das técnicas e das teorías do deseño, o alumno deberá por de relevo os seus intereses artísticos e traballar na procura da súa idea e desenvolvemento da súa propia linguaxe a través dos medios que se lle ofrecen con profesionalidade.			

Competencias de titulación

Código	
A1	Comprensión crítica da historia, teoría e discurso actual da arte. Comprender de xeito crítico a historia, teoría e discurso actual da arte. Asimilación analítica dos conceptos nos que se sustenta a arte
A4	Comprensión crítica da dimensión preformativa e de incidencia social da arte. Analizar a repercusión recíproca entre a arte e a sociedade
A5	Coñecemento da teoría e do discurso actual da arte, así como o pensamento actual dos artistas a través das súas obras e textos. Actualizar constantemente o coñecemento directo da arte a través dos seus propios creadores
A7	Coñecemento do vocabulario e dos conceptos inherentes a cada técnica artística particular. Coñecer a linguaxe creativa específica
A8	Coñecemento das diferentes funcións que a arte adquiriu a través do desenvolvemento histórico. Estudar a evolución do papel da arte a través do tempo
A9	Coñecemento de métodos de produción e técnicas artísticas. Analizar os procesos de creación artística
A12	Coñecemento dos materiais e dos seus procesos derivados de creación e/ou produción. Coñecer os materiais, procedementos e técnicas que se asocian a cada linguaxe artística
A19	Capacidade para identificar e entender os problemas da arte. Establecer os aspectos da arte que xeran procesos de creación.
A31	Capacidade para xerar e xestionar a produción artística. Saber establecer a planificación necesaria nos procesos de creación artística.
A32	Capacidade de aplicar profesionalmente tecnoloxías específicas. Utilizar as ferramentas apropiadas para as linguaxes artísticas propias
A33	Capacidade de colaboración con outras disciplinas. Desenvolvemento de vías de relación e intercambio con outros campos de coñecemento
A42	Habilidades para a creación artística e capacidade de construír obras de arte. Adquirir as destrezas propias da práctica artística
A43	Habilidade para establecer sistemas de produción. Desenvolver estratexias aplicadas ao exercicio sistemático da práctica artística
A44	Habilidade para realizar, organizar e administrar proxectos artísticos innovadores
A47	Habilidade para realizar e integrar proxectos artísticos en contextos máis amplos. Desenvolver estratexias de proxección da creación artística para alén do seu campo de actuación

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñecemento dos principios fundamentais do deseño.	A1 A7
Coñecemento das orixes, desenvolvemento e estado actual da disciplina.	A1 A5 A7
Coñecemento dos diferentes campos e aplicacións do deseño.	A4 A8
Coñecementos de recursos técnicos aplicados ao deseño.	A7 A9 A12
Capacidade de desenvolver proxectos creativos neste ámbito.	A19 A32
Capacidade de integrar recursos técnicos, formais e conceptuais da arte no deseño.	A32 A33
Capacidade de integrar os recursos do deseño no campo da creación artística.	A31 A33
Habilidade no uso de ferramentas informáticas específicas.	A42
Habilidade na aplicación do deseño sobre diversos soportes e contextos.	A47
Habilidade para o desenvolvemento de proxectos de deseño.	A43 A44

Contidos

Tema	
Bloque 1. Tipografía e deseño.	Aproximacións á historia da tipografía. Deseño de tipos/deseño con tipos. Metodoloxía técnica da creación de tipos de letra. A tipografía: desde a fundición de tipos ao tipo dixital. Importancia da tipografía como elemento fundamental no deseño e a composición. Tipografía: claves para o seu enmarcado dentro do contexto histórico do deseño. Morfoloxía e clasificación dos tipos de letra. Análise de deseñadores e tipos. Traballo con tipografía. Ferramentas de deseño gráfico.
Bloque 2. A identidade corporativa.	Aproximación á historia da imaxe corporativa. O redeseño da identidade corporativa. Análise de exemplos prácticos. Traballo con identidade corporativa. Ferramentas de traballo en deseño gráfico.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Estudo de casos/análises de situacións	5	5	10
Traballos de aula	20	42	62
Titoría en grupo	3	0	3
Resolución de problemas e/ou exercicios	5	0	5
Obradoiros	5	0	5
Sesión maxistral	9.5	0	9.5
Traballos e proxectos	5	0	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Estudo de casos/análises de situacións	Análise de casos prácticos históricos e contemporáneos. Proxectos de deseño, tipografía e imaxe corporativa.
Traballos de aula	Desenvolvemento de proxectos específicos en base aos contidos do curso.
Titoría en grupo	Atención a grupos de alumnos no que respecta a problemas, dúbidas, corrección de erros e explicacións detalladas sobre a base dos traballos que están a realizar os alumnos.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Resolución de problemas de forma conxunta e global relativos a cada exercicio presentado na aula.
Obradoiros	Breves obradoiros prácticos sobre temas teóricos e/ou prácticos relacionados cos contidos da materia.
Sesión maxistral	Leccións teórico-prácticas relacionadas cos contidos da materia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
--------------	------------

Obradoiros	A atención personalizada dos traballos de aula e proxectos realizarase a través dun seguimento, tanto na aula como nas horas especificadas de titorías do profesor.
Resolución de problemas e/ou exercicios	A atención personalizada dos traballos de aula e proxectos realizarase a través dun seguimento, tanto na aula como nas horas especificadas de titorías do profesor.
Estudo de casos/análises de situacións	A atención personalizada dos traballos de aula e proxectos realizarase a través dun seguimento, tanto na aula como nas horas especificadas de titorías do profesor.
Traballos de aula	A atención personalizada dos traballos de aula e proxectos realizarase a través dun seguimento, tanto na aula como nas horas especificadas de titorías do profesor.
Probas	Descrición
Traballos e proxectos	A atención personalizada dos traballos de aula e proxectos realizarase a través dun seguimento, tanto na aula como nas horas especificadas de titorías do profesor.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Traballos de aula	O método de avaliación no relativo aos traballos realizados na aula realizarase baixo un labor de seguimento persoal do proceso de desenvolvemento dos exercicios, en base aos seguintes criterios: - O interese estético e funcional dos proxectos realizados. - A comprensión e utilización correcta dos procesos técnicos e informáticos. - A coherencia de todos os exercicios do alumno. - A correcta realización dos proxectos e probas requiridos na aula nos prazos estipulados. Será obrigatorio a realización de entregas parciais dos exercicios co obxectivo de realizar un seguimento do traballo por parte do profesor.	30%
Resolución de problemas e/ou exercicios	A resolución de problemas e exercicios presentados na aula será fundamental para a realización do seguimento persoal e evolución dos traballos e proxectos dos alumnos. O alumno deberá obrigatoriamente e periodicamente asistir a estas aulas de resolución de problemas e exercicios, de maneira que o profesor poida ter constancia da súa evolución e, en base a ela, realizar a avaliación pertinente deste aspecto.	15%
Obradoiros	Será obrigatoria a asistencia a cada un dos obradoiros planificados no desenvolvemento do cuadrimestre.	15%
Traballos e proxectos	O método de avaliación dos proxectos finais presentados por cada alumno rexeráse en base aos seguintes criterios: - O interese estético e funcional dos proxectos realizados. O alumno terá a opción de establecer un debate dentro do grupo da clase en defensa da valoración do seu traballo. En caso contrario, o profesor valorará este aspecto unilateralmente. - A coherencia de todos os proxectos do alumno. - A metodoloxía e planificación do traballo. - Traballo de reflexión e estudo previo ao proceso de elaboración dun proxecto. - A correcta realización destes proxectos requiridos na materia nos prazos estipulados. - A correcta elaboración formal (dixital e de impresión) e a súa presentación.	40%

Outros comentarios sobre a Avaliación

Outros aspectos da avaliación que se deben considerar:

- A asistencia a clase será obrigatoria para poder aprobar os contidos do cuadrimestre na convocatoria de febreiro.
 - A entrega de todos os traballos e proxectos nos prazos estipulados será obrigatoria para poder aprobar os contidos do cuadrimestre na convocatoria de febreiro.
 - Non se recollerá ningún traballo e, polo tanto, non será avaliado ningún exercicio de alumnos que non presentaran a ficha coa súa correspondente foto.
 - Para a convocatoria de febreiro, o profesor poderá reservarse a opción de realizar unha proba de recuperación cando o alumno non acade o nivel esixido, articulando un sistema de probas de recuperación que consiste nun exercicio teórico ou práctico relacionado cos contidos do curso.
 - Convocatoria de xullo: cando o alumno non acade o nivel esixido ou non se presente ás convocatorias de avaliación do curso, articularase un sistema de probas de recuperación composto por un exercicio teórico ou práctico relacionado cos contidos do curso. Ademais, o alumno deberá entregar a totalidade dos proxectos propostos durante o curso.
- PROBA DE AVALIACIÓN CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE XULLO: 7 DE XULLO ÁS 10.00 HORAS

Bibliografía. Fuentes de información

Aicher, Otl, **Tipografía**, Ed. Campgràfic,
Baines, Phil; Haslam, Andrew, **Tipografía. Función, forma y diseño**, Gustavo Gili,
Baltanás, José, **Diseño e Historia: Invariantes**, Gustavo Gili,
Blackwell, Lewis, **The end of print. The Graphic Design of David Carson**, Index Book (2ª Ed.),
Blackwell, Lewis, **Tipografía del siglo XX**, Gustavo Gili,
Brody, Neville / Blackwell, Lewis, **New dimensions in Graphic Design**, Ed. St. Martins Press,
Brody, Neville, **The graphic language of Neville Brody**, Tames and Houdson,
Burke, Christopher, **Paul Renner. Maestro tipógrafo**, Campgràfic,
Cano, Pilar; Serrats, Marta, **Tiposfera. Las nuevas tipografías**, Maomao Publications,
Carson, David, **David Carson : 2nd sight : grafik design after the end of print**, Laurence King,
Cerezo, José María, **Diseñadores en la nebulosa**, Biblioteca Nueva,
Droste, Magdalena, **Bauhaus 1919-1933**, Taschen,
Frutiger, Adrian, **El libro de la tipografía**, Gustavo Gili,
Hollis, Richard, **Swiss Graphic Design**, Ed. New Haven,
Jardí, Enric, **Veintidos consejos sobre tipografía**, Ed. Actar,
Kinross, Robin, **Tipografía moderna. Un ensayo histórico crítico**, Ed. Campgràfic,
Lupton, Ellen; Abbot Miller, J, **El ABC de la Bauhaus y la teoría del diseño**, Ed. Gustavo Gili,
Martín Montesinos, José Luís; Mas Hurtuna, Montse, **Manual de Tipografía. Del plomo a la era digital**, Ed. Campgràfic,
Müller, Lars (Ed.), **Helvetica. Homage to a typeface**, Ed. Lars Müller Publishers,
Pervsner, Nikolaus, **Pioneros del Diseño Moderno**, Ed. Infinito,
Pelta, Raquel, **Diseñar hoy**, Ed. Paidós Diseño,
Poynor, Rick, **No más normas. Diseño Gráfico posmoderno**, Ed. Gustavo Gili,
Rathgeb, Markus, **Otl Aicher**, Ed Phaidon Press Ltd,
V.V.A.A., **Thonik**, BIS Publischers,
Weingart, Wolfgang, **Typography**, Ed. Lars Müller Publischers,
Gary Hustwit, **Helvetica film**, Veer,
Frutiger, Christoph; Amman, Hanery, **Adrian Frutiger: The man of black and white**, Linotype Library,

Recomendaciones

Materias que continúan o temario

Trabajo Fin De Grao/P01G010V01991

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Proxectos Fotográficos/P01G010V01907

Proxectos Gráficos Dixitais/P01G010V01908

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Informática. Técnicas Informáticas/P01G010V01103

Técnicas Fotográficas/P01G010V01204

Producción Artística: Imaxe II/P01G010V01602
